



CONCELLO  
D E  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

**ASUNTO:** APROBACIÓN DEFINITIVA LISTAXE BOLSAS DEPORTISTAS DO CONCELLO DE ABEGONDO ANO 2024 E CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

**EXPEDIENTE:** 2024/A002/000003 - 2024/G003/000842

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** A convocatoria e as bases reguladoras da bolsa de deportistas do Concello de Abegondo para o ano 2024 foi aprobada por decreto da alcaldía número 580/204 de data 30/9/2024. As bases reguladoras convocatoria de subvencións foron publicadas no taboleiro de anuncios, na web e na sede electrónica do Concello de Abegondo e no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 192 do venres, 4/10/2024. O extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 192 do 11 de outubro de 2024. Así mesmo, a mencionada convocatoria foi publicada na Base Nacional de Subvencións.

**SEGUNDO.** As solicitudes de bolsas de deportistas foron presentadas polos interesados no prazo establecido nas bases da convocatoria.

**TERCEIRO.** Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de acordo a documentación esixida nas bases reguladoras informase polo técnico de deportes que presentaron solicitude no prazo regulamentario indicado nas bases reguladoras e informase sobre as solicitudes nas que é necesario que emenden a documentación.

**CUARTO.** Por resolución de alcaldía num 729/2024 de data 3 de decembro de 2024 aprobouse a listaxe de bolsas de deportistas e nomeouse a Comisión de valoración creada para baremar as solicitudes presentadas ao abeiro da dita convocatoria, outorgando o prazo de 5 días hábiles dende a publicación na sede electrónica da resolución para emendar a documentación.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- O Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas Locais, en materia de orzamentos
- Bases de execución do Orzamento do Concello de Abegondo
- Bases reguladoras da convocatoria para a concesión de bases a deportistas individuais de Abegondo

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** Unha vez rematado o prazo para emendar a documentación informase polo técnico tendo en conta a documentación presentada polos solicitantes quedando definitivamente admitidos e excluídos os seguintes:

**Admitidos:**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público



CONCELLO  
D E  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

Nº expediente	Data	Nome	NIF
2024/A003/000011	29/10/2024	Xoan Fernández Rodríguez	***4509**
2024/A003/000012	29/10/2024	Victor Fernández Rodríguez	***4509**
2024/A003/000013	30/10/2024	Aaron Amor Pardo	***2460**
2024/A003/000014	5/11/2024	Nikolay Georgiev Dyulgerov	***8567**
2024/A003/000015	7/11/2024	Martin Alberto Barbeito Sanjurjo	***6422**
2024/A003/000016	7/11/2024	Laura Cetina Fernandez	***4509**
2024/A003/000020	11/11/2024	Xabier Morandeira Lodeiro	***0201**
2024/A003/000022	11/11/2024	Roi Calviño Rabón	***4528**
2024/A003/000023	11/11/2024	Ainoa Calviño Rabón	***4528**

**Excluído:**

Nº expediente	Data	Nome	NIF	Motivo
2024/A003/000010	17/10/2024	Brais Coca Fernández	***5751**	Non emendar a documentación requirida

Á vista do anterior considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, polo que procede a súa aprobación por parte do alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a listaxe definitiva de bolsas de deportistas do Concello de Abegondo no ano 2024 indicada na consideración primeira.

**SEGUNDO.** Convocar a Comisión de valoración creada para baremar as solicitudes presentadas ao abeiro da dita convocatoria para o día 17 de decembro de 2024 ás 12:00 horas.

**TERCEIRO.** Publicar na sede electrónica municipal a resolución .

**CUARTO.** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo. Dou fe, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data da sinatura dixital

O alcalde  
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario accidental  
José Antonio Varela Doval



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público